

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

## O SECTOR FERROVIARIO DE CCOO REÚNESE CO ALCALDE DE CATOIRA

O sector ferroviario de CCOO presentou ao Concello de Catoira diversas iniciativas que se propoñen impulsar a creación dunha rede de proximidade provincial.

Vigo, 4 de Abril de 2023

O sector ferroviario de CCOO presentou ao Concello de Catoira diversas iniciativas que se propoñen impulsar a creación dunha rede de proximidade provincial sobre a actual infraestrutura e optimizar a dispoñibilidade da rede ferroviaria existente.

A intención do plan de transporte de proximidade, acordado cos municipios provinciais próximos á rede ferroviaria, é xestionar trens económicos e frecuentes que respondan as necesidades de conexión da poboación co Eixo Atlántico e coordínense coa Alta Velocidade e as relacións ferroviarias portuguesas. Entre estas liñas de actuación, para favorecer os servizos ferroviarios de proximidade, destacaron os sindicalistas “**idea piloto**” para crear un servizo de proximidade transfronteirizo co veciño Portugal.

Organizar o servizo de trens, previo ao escenario de pandemia, implica dispoñer de horarios que cubran as necesidades dos desprazamentos diarios entre núcleos de poboación próximos e ampliar o número de paradas comerciais en **Catoira**, para facer da estación de tren, pola súa especial situación xeográfica, un nodo de intermodalidad que conecte e ofrezca servizos á área territorial da **Comarca de Barbanza**.

Xestionar a coordinación de ligazóns na estación de Catoira, para asegurar a continuidade do transporte de viaxeiros, require contar co recurso de intermodalidad, é dicir, o emprego de diferentes medios de transporte que resultan necesarios para favorecer os desprazamentos en trens de proximidade, media e longa distancia dos municipios de Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e do propio municipio de Catoira, sinalou Antón Conde, Secretario Xeral do sector na provincia.

Solicitouse do rexedor que traslade ao Pleno unha moción que reclame unha rede de proximidade para a provincia que teña como punto de arranque a conexión transfronteiriza co veciño Portugal.

Para máis información: Antonio Conde Freire, Secretario Xeral Sección Sindical Adif-Renfe Pontevedra: 630927754 Sección Sindical CCOO Adif-Renfe Pontevedra: 628213124 - 606692254